

Vistos os traballos presentados ao concurso fotográfico da XIII Romaría Etnográfica Raigame do 17 de maio de 2014, o xurado formado por Xulio Fernández Senra, Fco. Xavier Álvarez Campos, Xosé Lois Vázquez “Che” e Antonio Piñeiro, que actuou de secretario, reunido o 5 de setembro de 2014 en Celanova decidiu conceder os seguintes premios:

Premio á **mellor serie fotográfica** (500€) ao traballo titulado *O home das fotos* de **Manuel Blanco Guerra**, do Carballiño-Ourense.

**1º Premio á mellor fotografía** (300€) ao traballo titulado *Paraugas* de **José Ángel Paz Gil**, de Cangas do Morrazo-Pontevedra.

**2º Premio á mellor fotografía** (250€) ao traballo titulado *Zocos* de **Ana Iglesias**, de Ourense.

**3º Premio á mellor fotografía** (200€) ao traballo titulado *Lembranzas* de **Isabel Janeiro Touriño**, do Carballiño-Ourense.

Ademais disto, o xurado acordou conceder mencións especiais e accesits, pola creatividade, orixinalidade e singularidade amosadas nas súas propostas (consistentes na selección para a exposición *Estampas dunha romaría* dentro da programación do Outono Fotográfico) aos traballos de:

Luis Alberto Prieto Arias de Ourense, pola súa serie *Grazas cesteiro*

Manuel Pazos Vázquez de Marín-Pontevedra, pola súa serie *Cantar Cantarei*

José Ángel Paz Gil de Cangas do Morrazo-Pontevedra, pola súa serie *Xeracións, a alma dun pobo*

Ana Iglesias de Ourense, pola fotografía *Fiandeiras*

Breogán Rodríguez Ramos de Xinzo-Ourense, pola fotografía *Maneira de vivir*

Luis Alberto Prieto Arias de Ourense, pola fotografía *Sen título*

Isabel Janeiro Touriño do Carballiño-Ourense, pola fotografía *Zoca*

Noelia Pilar Álvarez Padrón do Carballiño-Ourense, pola fotografía *Fotografía nas mans da experiencia*

José Manuel Nóvoa Blanco de Ourense, pola fotografía *Enmarcado no traballo*

Manuel Blanco Guerra do Carballiño-Ourense, pola fotografía *O home orquestra*

Mª Ascensión Rodríguez Nóvoa do Carballiño-Ourense, pola fotografía *A tía e a súa irmá*

A exposición estará aberta ao público do 1 ao 30 de Novembro no concello de Celanova e do 1 ao 31 de Decembro no CCP Xaquín Lorenzo de Ourense.